

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARRAL

Revocación dedicación parcial concelleira membro da Corporación 2023-2027

ANUNCIO

Revocación dedicación parcial concelleira membro da Corporación 2023-2027

EXPEDIENTE: 2023/G005/000001

Por resolución ditada en data 11 de abril de 2025, Decreto nº 151/2025, o Sr. Alcalde resolveu :

PRIMEIRO.- Revogar a designación como cargo en réxime de dedicación parcial de 50% da xornada da concelleira Dª María Mercedes Caridad López , así como deixar sen efecto a súa designación como substituta do Alcalde en órganos colexiados Consellos escolares dos Centros Educativos existentes no municipio e da Galiña Azul.

SEGUNDO.- Establecer como data de efectos económicos da revocación da dedicación parcial o 15/4/2025 procedendo a súa baixa no Réxime xeral da Seguridade Social con dita data .

TERCEIRO.- Notificar este decreto á concelleira Dª María Mercedes Caridad López en cumprimento do establecido no artigo 114.3 do RD 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de organización , funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais. Trasladar os servizos administrativos encargados da xestión de nóminas e seguridade social a baixa da concelleira na seguridade social por estar desempeñando cargo con dedicación parcial , a partir do 15/4/2025. Trasladar este decreto ós departamentos municipais para o seu coñecemento aos efectos oportunos.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica portal de transparencia e taboleiro de anuncios do Concello e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Concello de Carral, 14 de abril de 2025

O Alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

2025/2403